

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 30 DE OUTUBRO DE 2024

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día trinta de outubro de 2024, baixo a presidencia da Excm. Sra. Alcaldesa, D.^a MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, e coa asistencia dos ilustrísimos e ilustrísimas señores e señoras concelleiros e concelleiras: D. MAURICIO VITORIO REPETTO MORBÁN, D.^a ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, D. RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ, D.^a TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN e D.^a MARÍA CRISTINA LÓPEZ FERNÁNDEZ. Actúa como secretario o concelleiro secretario en funcións da Xunta de Goberno Local, don Rubén Arroxo Fernández, e asisten á sesión o vicesecretario accidental, don Justo Díaz Rodríguez, e o interventor xeral municipal, don Luis Ramón Vázquez Parga, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme aos termos da orde do día os seguintes acordos:

ÁREA DE GOBERNO DE ALCALDÍA E PLANIFICACIÓN DE CIDADE

1. LICENZAS URBANÍSTICAS.- Acórdase a concesión da licenza urbanística para ampliación e legalización de explotación de vacún de leite existente en Belesar, San Xoán do Campo, 12 (exp. 2024/Y001/000097).

ÁREA DE GOBERNO DE XESTIÓN INTEGRAL DE RECURSOS INTERNOS

2. CONTRATACIÓN E PATRIMONIO.- Acórase a aprobación dos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares, así como do gasto e a adxudicación por procedemento aberto na contratación do servizo de control de pombas no Concello de Lugo e a apertura do procedemento de adxudicación, exp. ref. 2024-C003-000023.

Tamén se acorda a 1ª prórroga do contrato dende o día 1 de xaneiro ata o día 31 de decembro de 2025 na contratación da prestación do servizo de comida no centro de día "Antonio Fandoy", exp. ref 2022-C003-000009.

3. PERSOAL.- Acórdase a elevación a definitivo do acordo 10/452 da Xunta de Goberno Local, do 16 de outubro de 2024, de adscrición por motivos de saúde dun funcionario como ordenanza nos edificios administrativos.

ACTAS E GOBERNO

JDR/cvr

Refª: ispac6460741176591534765.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 30-10-2024

4. FOMENTO.- Acórdase a ratificación do convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e Igualdade e o Concello de Lugo para o desenvolvemento e execución do Plan España te protege contra la violencia machista; no marco do plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea; Next Generationeu.

ÁREA DE GOBERNO DE DINAMIZACIÓN ECONÓMICA E RELACIÓNS INSTITUCIONAIS

5. DESENVOLVEMENTO LOCAL.- Acórdase aprobar o informe proposta relativo á presentación da solicitude á convocatoria de propostas ano 2025 (dentro do convenio marco período 2021-2025) ante a Comisión Europea e adquisición de compromiso de cofinanciamento para 2025 do Proxecto Europe Direct-2021/2025 (Código de proxecto 212410201).

Fóra da orde do día

- Acórdase a contratación das obras de humanización da Rúa Milagross de Lugo (tramo comprendido entre rúa Mallorca e rúa Xulia Minguillón). Aprobación do proxecto de obra e do prego de cláusulas administrativas, así como do gasto e a adxudicación por procedemento aberto simplificado. Apertura do procedemento de adxudicación, exp. Ref. 2024/C002/000014.

- Aprobación da transmisión con cambio da titularidade de dúas parcelas de dominio público a favor da administración do Estado para a construción da nova sede da Comisaría da Policía Nacional. Exp. 2024-C022-00073.

- Bases específicas para a convocatoria específica por concurso-oposición dunha bolsa de traballo na caetgoría de licenciado/a en dereito no Excmo. Concello de Lugo.

Asinado dixitalmente polo tenente de alcaldesa delegado da Área de Goberno de Mobilidade e infraestruturas Urbanas, don Rubén Arroxo Fernández, en substitución do tenente de alcaldesa delegado da Área de Goberno de Transición Ecolóxica e concelleiro secretario en funcións da Xunta de Goberno Local.